

Unidade 4. O sector terciario en España e Europa. A empresa

1. Por que cres que o desenvolvemento do sector terciario supón un cambio na sociedade?

Un sector terciario desenvolvido supón unha sociedade desenvolvida ou industrializada, que se afasta cada vez máis dos sectores primarios e secundarios, que quedan en mans de sociedades menos desenvolvidas tecnoloxicamente falando.

Unidade 4. O sector terciario en España e Europa. A empresa


O sector terciario

1. Ordena as seguintes imaxes. Despois, utilízalas como exemplo para explicar a relación entre os tres sectores.



O gandeiro, do sector primario obtén o recurso natural que é a la. Despois, nos teares, as tecedoras do sector secundario transforman a la en tea e, finalmente, a comerciante, do sector terciario, vende esa tea aos seus clientes.

2. Completa o esquema sobre o comercio, explicando a que se refire cada termo.



Unidade 4. O sector terciario en España e Europa. A empresa

O sector terciario en España e Europa

1. Describe como é o sector terciario en España e explica a relación que existe entre este sector e o desenvolvemento dun país.

O sector terciario en España está moi desenvolvido, isto supón un gran desenvolvemento dos servizos que se facilitan aos cidadáns. Canto máis desenvolvido está o sector terciario dun país, máis desenvolvido é ese país.

2. Escribe dous exemplos de produtos que exporta e importa Europa.

- Produtos que exporta: Resposta libre. Por exemplo: coches e medicinas.
- Produtos que importa: Resposta libre. Por exemplo: petróleo e ordenadores.

Unidade 4. O sector terciario en España e Europa. A empresa

O consumo e a publicidade

1. Sinala as ilustracións nas que se representan actos de consumismo.



2. Escribe o significado de cada termo e pon un exemplo.

- Slogan: frase breve e fácil de recordar.
Exemplo: *Vivamos como galegos.*
- Logotipo ou logo: imaxe que se utiliza para identificar rapidamente a unha empresa.
Exemplo: (debuxa un logotipo).



Unidade 4. O sector terciario en España e Europa. A empresa

As finanzas

1. Explica que é unha empresa.

Unha empresa é unha organización que proporciona bens ou servizos aos consumidores a cambio dun beneficio.

2. Rodea a opción para finalizar a frase correctamente.

Os gastos na economía familiar poden ser ...

- ... fixos, descontinuos e variables.
- ... fixos, variables e previsibles.
- ... seguros, variables e baixos.
- ... fixos, variables e inesperados.

Unidade 4. O sector terciario en España e Europa. A empresa

A empresa e o espírito emprendedor

1. Clasifica as empresas segundo o seu tamaño, o seu sector e o número de persoas que as xestionan

- Segundo o seu tamaño: **microempresas, empresas pequenas, medianas e grandes.**
- Segundo o sector ao que pertencen: **empresas do sector primario, secundario ou terciario.**
- Segundo o número de xestores ou creadores: **individual, de responsabilidade limitada ou sociedade anónima.**

2. Escribe dúas calidades que debe ter unha persoa emprendedora e explica por que son importantes.

Resposta libre. Por exemplo: creatividade, iniciativa, motivación e perseveranza, porque sen eses trazos non sería posible levar adiante unha idea e triunfar ante as dificultades.

Unidade 4. O sector terciario en España e Europa. A empresa

A investigación de temas interesantes

1. Toma como tema o sector terciario en España e crea unha táboa con tres columnas, onde anotes o seguinte. Compara os resultados cos do teu compañeiro.

- Penso.
- Interésame.
- Investigo.

Resposta libre. Por exemplo:

	Penso	Interésame	Investigo
turismo	A miña localidade recibe moitos visitantes.	De onde proceden eses turistas?	Acudirei á oficina de turismo para informarme.
comercio	Na miña localidade hai moitas tendas pequenas.	Que tendas serán as máis comúns?	Consultarei os datos da cámara de Comercio.
transporte	Na miña localidade hai moitos barcos que realizan transporte marítimo.	Que bens transportarán maioritariamente?	Consultarei Internet coa axuda dun adulto.